

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032145	IES de Pastoriza	Arteixo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Formación e Orientación Persoal e Profesional	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Formación e Orientación Persoal e Profesional do 4º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Con esta materia preténdese que o alumnado se coñeza a si mesmo e sexa consciente da contorna sociocultural en que se atopa, de modo que facilite a súa aprendizaxe ao longo da vida e o seu desempeño académico e profesional.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e a súa contorna.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado en Arteixo, A Coruña.

O Concello de Arteixo está dentro da área de influencia metropolitana da Coruña; conta cunha extensión de 9.350 hectáreas organizadas en trece parroquias. É un dos poucos concellos de Galicia que non deixa de ver medrar a súa poboación, que é en este momento de 23.175 agrupados fundamentalmente nos núcleos de Arteixo, Vilarrodís, Galán, Pastoriza e Meicende. Está integrado na súa maioría por xente nova e de procedencias xeográficas moi variadas xa que é unha zona de recepción de inmigración e alberga uns dos maiores parques industriais e empresariais de Galicia que dá traballo a un gran número de familias do noso alumnado, ben en postos directos ou indirectamente.

O grupo seleccionado de 4º ESO, está composto por 21 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 14 e os 16 anos. Respecto ás características socioeconómicas e culturais falamos dun alumnado que ven dun ambiente suburbano e rural tratándose polo tanto dunha poboación moi heteroxénea.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

A materia é impartida pola profesora de Economía, do departamento de Economía.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender os procesos físicos e psicolóxicos implicados na cognición, a motivación e a aprendizaxe, xunto coas principais características do desenvolvemento evolutivo da persoa estudadas polas ciencias sociais, analizando as súas implicacións na conduta, considerando os factores persoais e socioculturais que interveñen na configuración psicolóxica da persoa, para obter un bo coñecemento axeitado de si mesmos que lles permita construír o seu proxecto persoal de vida.		3	1		1-3-4-5	1-2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Analizar e describir aqueles elementos da madurez que condicionan os comportamentos, identificando as calidades persoais e de relación social propias e dos demais, desenvolvendo estratexias de xestión emocional e do propio proceso de aprendizaxe, e estratexias e habilidades sociais adecuadas a contextos cambiantes e a grupos diferentes, para mellorar o desempeño no ámbito persoal, social e académico e lograr maior control sobre as accións e as súas consecuencias, e para potenciar, así, aquelas calidades persoais no alumnado que favorecen a autonomía e permiten afrontar de forma eficaz os novos retos aos que se van enfrontar na súa entrada á idade madura.		3			1-3-4-5	1	2	
OBX3 - Explorar as oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna, descubriendo e priorizando as necesidades e intereses persoais e vocacionais e desenvolvendo o espírito de iniciativa e de superación, así como as destrezas necesarias na toma de decisións, para levar a cabo un proxecto persoal, académico e profesional propio e realizar unha primeira aproximación ao deseño dun plan de procura activa de emprego.	3			1-3	4-5		1-2-3	
OBX4 - Coñecer e comprender o ser humano, nas súas dimensións social e antropolóxica, e atender á variedade de sociedades e culturas, analizando con empatía a súa diversidade e complexidade desde diferentes perspectivas para comprenderse a un mesmo e interactuar cos demais desde o respecto á diversidade persoal, social e cultural, e fomentar o espírito crítico sobre aspectos que dirixen o funcionamento do ser humano nestes ámbitos.					3	1-2-3	2	1-2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Ti	O sistema nervioso e o cerebro. O comportamento	10	10	X		
2	Ti e a túa contorna	Comprensión do ser humano. Cultura e personalidade	8	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Ti e os demais	10 X O ser humano como ser social. Conducta e proceso de socialización	10	12	X		
4	Autocoñecemento e logro	competencias para a vida	15	14		X	
5	Interacción e relacións sociais	Comunicación e habilidades sociais	14	15		X	
6	Orientación, futuro e toma de decisións	Orientación académica e profesional	15	20		X	X
7	Contorna de traballo e carreira profesional	O mercado e as relacións laborais. O emprendemento	14	12			X
8	A busca de emprego	Fontes de traballo. Proceso de selección de personal	14	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Ti	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Analizar os factores persoais e socioculturais que interveñen na configuración psicolóxica da persoa a partir do coñecemento comparado da dimensión social e antropolóxica do ser humano.	Analizar os factores persoais e socioculturais que interveñen na configuración psicolóxica da persoa.	PE	100
CA1.3 - Analizar a relación da cognición, a motivación, a aprendizaxe e a xestión emocional coa conduta, tanto propia como dos demais, a partir das bases teóricas fundamentais dos procesos físicos e psicolóxicos que interveñen neles.	Analizar a relación da cognición, a motivación, a aprendizaxe e a xestión emocional coa conduta, tanto propia como dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As ciencias sociais e o coñecemento que nos proporcionan do ser humano. A visión da psicoloxía, da antropoloxía e da socioloxía. - Presentación da psicoloxía. - Presentación da antropoloxía. - Presentación da socioloxía: a socioloxía como disciplina e a racionalidade da acción social. - As perspectivas das ciencias sociais sobre o debate entre o herdado e o aprendido. Bioloxía e cultura. - Os fundamentos psicobiolóxicos da conduta. - Neurociencia, xenética e endocrinoloxía.

Contidos

- A neurona, o impulso neuroeléctrico, a sinapse, as redes neurais.
- O sistema nervioso central. As principais estruturas do encéfalo. O sistema límbico.
- O sistema nervioso periférico.
- A compoñente emocional do noso psiquismo.
- Recoñecemento e control das emocións.
- A motivación.
- Benestar e hábitos saudables.
- Os circuítos de recompensa e os problemas de adiccións relacionados.
- O desenvolvemento evolutivo do psiquismo.
- O desenvolvemento das capacidades cognitivas ao longo da vida.
- O desenvolvemento da personalidade.
- A adolescencia como momento evolutivo clave no desenvolvemento do noso psiquismo. As características da mente adolescente.

UD	Título da UD	Duración
2	Ti e a túa contorna	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Analizar e comprender no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.	Comprende o desenvolvemento evolutivo nos distintos planos	PE	30
CA1.1 - Reflexionar de maneira crítica sobre a condición humana, a sociedade e a cultura, a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais.	Analiza coherentemente os factores básicos que configuran a unha persoa	TI	70
CA1.5 - Analizar a importancia do compoñente emocional, tomando conciencia da súa repercusión na aprendizaxe e desenvolvendo estratexias que o melloren.	Analiza coherentemente a influencia das emocións na toma de decisións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Outros ámbitos do psiquismo: cognición, intelixencia, personalidade
- A cognición e os procesos asociados.
- Intelixencia cognitiva, intelixencia emocional, intelixencia executiva.

Contidos

- A constitución da personalidade: influencias biolóxicas e da contorna. As teorías dos trazos.
- A psicoloxía social.
- A necesidade individual de pertenza a grupos.
- A influencia do grupo.
- O desenvolvemento individual dentro do grupo.
- Antropoloxía. O ser humano como ser cultural.
- Concepto antropolóxico de cultura. O ser humano como construción cultural.
- Humanización e cultura.
- O papel da muller na humanización.
- Diversidade cultural (etnocentrismo, relativismo cultural e transculturalidade).
- Adolescentes na sociedade.
- O adolescente e as súas relacións cos demais: a convivencia positiva.
- O grupo: importancia, valor e diversidade.

UD	Título da UD	Duración
3	Ti e os demais	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos a partir do coñecemento social e antropolóxico do ser humano.	Comprender o proceso de socialización	PE	85
CA1.8 - Analizar a diversidade persoal, social e cultural desde distintas perspectivas a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais, mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.	Analiza as competencias y actitudes de empatía, respecto propias e dos demais.		
CA1.9 - Valorar a diversidade, desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, considerándoa un elemento enriquecedor no ámbito persoal, social e cultural.	Comprende a diversidade como factor de enriquecemento		
CA2.1 - Analizar e comprender no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.	Comprende as características da madurez da persoa como transición á vida adulta.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos a partir do coñecemento social e antropolóxico do ser humano.	Comprende as capacidade de adaptacións aos distintos grupos		
CA3.5 - Mellorar o desempeño persoal, social e académico aplicando estratexias de aprendizaxe e xestión emocional que permitan maior control sobre as accións e as súas consecuencias.	Analiza o autocontrol como capacidade para traballar na toma de decisións	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Concepto de sociedade e o ser humano como ser social. - Comunicación, linguaxe e simbolismo. - Proceso de socialización e axentes de socialización: familia, grupos, institucións, asociacións e organizacións. - O ser humano como Homo oeconomicus. Teorías críticas. - Vida en sociedade. - Normas, roles, status e estereotipos: a cohesión social. - Estratexias de inclusión e cohesión social: interacción social e discriminación. - Igualdade de xénero. - Condutas prosociais e antisociais. - O proceso de aprendizaxe e formación desde as ciencias sociais. - Aprendizaxe e procesos psicolóxicos involucrados: atención, motivación, memoria. - Estratexias de aprendizaxe e estilos de aprendizaxe. - A aprendizaxe desde a socioloxía: aprendizaxe formal institucionalizada, non formal e informal. - A formación cara á vida adulta: características persoais, habilidades sociais e de organización e xestión, traballo en equipo. - Os equipos de traballo. O liderado como trazo da personalidade. O conflito: concepto, causas, tipos e resolución. A negociación. - O proxecto persoal: o autoconhecimento. - A diversidade como elemento enriquecedor. - A intelixencia emocional. Autoconhecimento, autocontrol, automotivación, empatía e habilidades sociais. - Roles grupais e comprensión dos roles nos que mellor encaixamos.

UD	Título da UD	Duración
4	Autoconhecimento e logro	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar e aplicar os procesos que interveñen na aprendizaxe, analizando as súas implicacións e desenvolvendo estratexias que favorezan a adquisición de coñecementos, destrezas e actitudes.	Analiza os estilos de aprendizaxe e comprende o estilo atribucional	PE	50
CA2.7 - Analizar a diversidade persoal, social e cultural desde distintas perspectivas a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais, mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.	Comprende a diversidade persoal, social e cultural nos diferentes planos		
CA2.2 - Identificar calidades persoais e sociais propias e dos demais reflexionando sobre a importancia de potenciar aquelas que permitan afrontar novos retos eficazmente e de modo progresivamente autónomo, e faciliten así o proceso de transición da adolescencia á vida adulta.	Comprende a importancia de potenciar as habilidades e competencias, así como de traballar a capacidade de autocrítica para a toma de decisións	TI	50
CA2.8 - Valorar a diversidade desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, considerándoa un elemento enriquecedor no ámbito persoal, social e cultural.	Valora a diversidade desde o respecto aos demais e analiza como inflúe na toma de decisións futuras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Adolescentes na sociedade. - A autonomía e a asunción progresiva de responsabilidades. - A formación cara á vida adulta: características persoais, habilidades sociais e de organización e xestión, traballo en equipo. - Autoconhecimento, autonomía persoal e autopercepción. Estilo atribucional. Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo. Confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo. Estratexias para enfrontarse ao fracaso e á frustración.

UD	Título da UD	Duración
5	Interacción e relacións sociais	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Mellorar o desempeño persoal, social e académico aplicando estratexias de aprendizaxe e xestión emocional que permitan maior control sobre as accións e as súas consecuencias.	Aplica a xestión de emocións á toma de decisións	PE	100
CA2.4 - Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos a partir do coñecemento social e antropolóxico do ser humano.	Analiza vantaxes e inconvenientes da capacidade de adaptación a diferentes situacións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A formación cara á vida adulta: características persoais, habilidades sociais e de organización e xestión, traballo en equipo. - Habilidades sociais e habilidades de comunicación. Estratexias para superar as eivas de comunicación. - Ferramentas dixitais na interacción cos demais. Pegada e reputación dixital. Xestión de identidades dixitais: persoal e profesional. - Habilidades de organización e xestión.

UD	Título da UD	Duración
6	Orientación, futuro e toma de decisións	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece, valorando aquelas que mellor se adaptan ás calidades e intereses persoais e potenciando o espírito de iniciativa e superación.	Analiza as oportunidades e ameazas que se atopan na contorno sobre as decisións académicas e formativas.	PE	50
CA3.1 - Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubriendo os intereses persoais e vocacionais mediante a exploración das oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna presencial e virtual, e desenvolvendo as destrezas necesarias no proceso de toma de decisións.	Analiza as súas necesidades e intereses segundo as oportunidades que ofrece o mercado	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A formación académica. - Programas, oportunidades e axudas para a formación. Servizos de orientación académica.

Contidos

- Información sobre a estrutura do sistema educativo.
- Itinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar no bacharelato, na FP e nos estudos superiores.
- Itinerarios académico-profesionais: información sobre traxectorias académico-profesionais na lexislación vixente.
- A formación profesional.
- Servizos de orientación profesional. Orientación académico-profesional para a igualdade de oportunidades.
- A transición á vida activa.
- Valoración da importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional.
- O proxecto persoal: o autoconñecemento.
- O coñecemento persoal: habilidades, aptitudes, motivacións e intereses persoais.
- Análise de fortalezas e debilidades propias.
- O proxecto persoal académico-profesional: as aspiracións profesionais.
- Aspiracións e metas: definición do obxectivo que se quere conseguir.
- Identificación de intereses, capacidades, motivacións e aptitudes persoais para o proxecto profesional ao que aspiramos.
- Identificación dos itinerarios académicos e profesionais que se poden seguir.
- Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e test psicométricos.
- A toma de decisión na orientación académica e profesional.
- Avaliación das alternativas e da decisión tomada.
- Os distintos tipos de emprego.
- Traballo por conta allea e traballo por conta propia.
- O traballo na Administración pública.
- Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
- Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos profesionais: axudas e subvencións á creación de empresas.

UD	Título da UD	Duración
7	Contorna de traballo e carreira profesional	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubriendo os intereses persoais e vocacionais mediante a exploración das oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna presencial e virtual, e desenvolvendo as destrezas necesarias no proceso de toma de decisións.	Analiza diferentes opcións laborais segundo as súas necesidades e intereses	TI	100
CA3.2 - Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece, valorando aquelas que mellor se adaptan ás calidades e intereses persoais e potenciando o espírito de iniciativa e superación.	Traballa a iniciativa e superación segundo os seus intereses e as opcións da contorna		
CA3.3 - Analizar e comprender no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.	Comprende as características da madurez como paso á vida adulta e cómo éstas inflúen na toma de decisións		
CA3.4 - Identificar calidades persoais e sociais propias e dos demais, reflexionando sobre a importancia de potenciar aquelas que permitan afrontar novos retos eficazmente e de modo progresivamente autónomo, e faciliten así o proceso de transición da adolescencia á vida adulta.	Analiza as competencias e habilidades necesarias segundo as oportunidades que máis lle interesan		
CA3.7 - Analizar a diversidade persoal, social e cultural desde distintas perspectivas a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais, mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.	Comprende a diversidade como factor de enriquecemento no ámbito laboral		
CA3.8 - Valorar a diversidade, desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, considerándoa un elemento enriquecedor no ámbito persoal, social e cultural.	Analiza os efectos da diversidade no seu ámbito persoal		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A formación profesional. - Información xeral sobre sectores económicos e produtivos. - Retos da revolución dixital. - O emprendedurismo: emprendemento e intraemprendemento. - Participación social activa. - Colaboración e voluntariado. - O proxecto persoal: o autoconhecimento. - Plans de autoconhecimento e de formación académica e profesional.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O proceso de toma de decisións. Organización dunha conduta decisoria. - Aproximación a un plan de busca activa de emprego con proxección cara ao futuro. - Análise dos intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional. - Identificación de itinerarios formativos relacionados. - Definición e análise do sector profesional. - Fontes de información.

UD	Título da UD	Duración
8	A busca de emprego	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubriendo os intereses persoais e vocacionais mediante a exploración das oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna presencial e virtual, e desenvolvendo as destrezas necesarias no proceso de toma de decisións.	Realiza un curriculum vitae segundo a opción laboral que máis lle interesa Comprende a participación en dinámicas de grupo e cómo se valoran para o éxito na contratación. Coñeceas ferramentas para a busca de emprego	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias, instrumentos e proceso da busca de emprego en empresas do sector. - Fontes de procura de emprego. Información xeral para a busca activa de emprego e de alternativas. - A oferta de traballo. Selección de ofertas e perfil da persoa candidata. - Información sobre a elaboración e presentación da carta de presentación e do currículo persoal: tipos e contido. - A entrevista de traballo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica nesta materia debe favorecer a capacidade do alumnado por aprender por se mesmo tendo en conta a diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe e promover a aprendizaxe en equipo facendo fincapé na relación dos aspectos teóricos da materia coas súas aplicacións prácticas na sociedade. Así mesmo, traballarase os valores transversais fomentando especialmente a comprensión lectora e a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula. A metodoloxía didáctica adaptarase ás características de cada estudante, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo e para traballar en equipo. Ademais fomentarse

a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

*** PRINCIPIOS METODOLÓXICOS**

No proceso de ensinanza e aprendizaxe han de asegurarse distintos tipos de aprendizaxe:

1º: Aprendizaxe significativa: partindo dos coñecementos previos, as alumnas e os alumnos, han de ser capaces de aprender a aprender, adquirindo unha serie de coñecementos, habilidades e actitudes para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.

2º: Aprendizaxe funcional: os novos contidos deberán ser aplicados en diferentes contextos cando os estudantes o precisen.

3º: Aprendizaxe cooperativa: traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates favorecerá o interese pola mesma e axuda ao estudante no seu perfeccionamento persoal e social.

4º: Aprendizaxe mediante o emprego das TICs: coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos e do encerado dixital, que será utilizado como recurso de apoio.

A metodoloxía didáctica adaptase ás características de cada estudante, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo e para traballar en equipo. Ademais fomentase a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

*** TIPOS DE ACTIVIDADES E PROXECTO PERSOAL**

Entre as distintas actividades que conformarán o portfolio do alumnado, atoparase:

- Preparación de entrevistas laborais entre os distintos grupos de alumnado. Simulacro e representación da entrevista. Debate grupal.

- Elaboración dun DAFO e deseño dun perfil persoal / profesional. Traballarán con ferramentas para elaborar perfís profesionais, CV...

- Elaboración dun CV e carta de presentación, como ferramentas para a busca de emprego

*** DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES**

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

a) Introducción á unidade didáctica.

b) Análise dos coñecementos previos dos alumnos.

c) Desenvolvemento da unidade a través de diferentes tarefas e actividades.

d) Resumo e síntese dos contidos da unidade.

*** TIPOS DE AGRUPAMENTOS**

As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:

- Gran grupo.

- Equipos de traballo cooperativo.

- Traballo individual.

*** CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS**

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros ou capítulos relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro do estudante. Así mesmo, contribuirase ao Plan TICs coa utilización de diferentes recursos (proxección de vídeos, presentacións, aula dixital, ...).

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto (Editorial Editex)
Dotación da aula (proxeccionador, encerado dixital, tradicional, pupitres...)
Aula virtual da materia
Caderno do alumno/a

Portátil asignado a cada alumno e alumna para o traballo no aula

Actividades de iniciación, desenvolvemento, síntese, afondamento e específicas de avaliación

O espazo habitual no que se desenvolverán as sesións consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en parellas ou grupal.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán o libro de texto recomendado polo departamento didáctico e todos os materiais que formen parte dos contidos da aula virtual da materia, na súa maioría deseñadas polo docente así como tamén o caderno onde se desenvolverán todas as actividades, exercicios e tarefas propostas polo docente.

Na aula virtual a/o docente colgará material para o alumnado que por razóns xustificadas non asista de forma prolongada ao centro.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para elaborar as actividades de reforzo, de ampliación, e outras no caso de ser necesarias.

Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	8	10	15	14	15	14	14	100
Proba escrita	100	30	85	50	100	50	0	0	50
Táboa de indicadores	0	70	15	50	0	50	100	100	50

Criterios de cualificación:

Os criterios de avaliación serán o referente fundamental para valorar o grao de adquisición dos obxectivos.

Probas escritas: realizaranse entre una e tres probas por avaliación con contidos específicos asociado aos criterios de avaliación. En cada avaliación realizarase unha media aritmética das notas das probas escritas. Esta media, representará o 50% da cualificación da avaliación.

O outro 50% vén definido polos criterios de avaliación que se recollen nas táboas de indicadores. Estes criterios de avaliación, estarán asociados a distintas rúbricas e listas de cotexo que se analizarán en distintos procedementos de avaliación ao longo das unidades (traballo cooperativo e individuais, caderno de aula, proxecto persoal e actividades de aula). As producións do alumnado serán refrendadas cun rexistro do docente.

Polo tanto, os pesos para o cálculo da cualificación final en cada unha das avaliacións estarán representados por:
50% probas escritas

50% táboas de indicadores

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais ou das

obtidas nas correspondentes recuperacións no seu caso.

No caso de decimais na nota final de cada avaliación e na cualificación final seguiranse os seguintes criterios:

- Decimais menores a 5 serán redondeados á enteiro inferior (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6 na avaliación).
- Decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior (exemplo: 6.6 correspóndelle un 7 na avaliación)

Criterios de recuperación:

Cando unha alumna ou un alumno non supere unha avaliación, realizaráselle unha proba escrita de recuperación baseada no grao mínimo de consecución dos criterios de avaliación das unidades asociadas a esa avaliación. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

No caso de decimais na nota final de cada avaliación e na cualificación final seguiranse os seguintes criterios:

- Decimais menores a 5 serán redondeados á enteiro inferior (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6 na avaliación).
- Decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior (exemplo: 6.6 correspóndelle un 7)

6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras que, en todo caso, vaian máis alá dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X					
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X					
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X					
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X					
ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X					
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X					
ET.7 - Educación emocional e en valores	X							
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X					
ET.9 - Creatividade		X						

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Taller de FP como saída profesional	Taller impartido por profesionais de CIFP para dar a coñecer os ciclos de FP		X	

Observacións:

Taller impartido por profesionais dun CIFP do área metropolitana para dar a coñecer os ciclos de FP e as saídas que teñen.

E calquer outra saída, que poida surxir e que sexa de interese para o grupo de alumnado segundo decisión do departamento de economía.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
--

Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflicte na normativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

9. Outros apartados